



A XUNTA DEMORA O PAGAMENTO DA 1ª PARTIDA DOS "GASTOS XERAIS DE FUNCIONAMENTO DOS CENTROS"

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia está a demorar o pagamento da primeira partida orzamentaria dos "Gastos xerais de funcionamento do centro" que polo de agora adoitábase pagar no mes de febreiro.

No concepto "Gastos xerais de funcionamento do centro", cómpre salientar, están recollidos gastos correntes de funcionamento do centro, como as partidas orzamentarias dedicadas á calefacción, ao pagamento das facturas de teléfono e de correos, as obras menores e, tamén, as partidas destinadas aos departamentos didácticos, imprescindibles para o seu bo funcionamento. Este concepto orzamentario, ademais, adoitábase fraccionar en tres partidas: dúas do 40% do total cada unha e unha terceira do 20% do total, polo que só os centros cunha grande capacidade de aforro e previsión poden ter a estas alturas de curso un remanente co que facer agora mesmo (no mes de marzo) fronte a eses gastos necesarios e imprescindibles para o funcionamento do centro, polo que ás direccións só lles quedan dúas opcións: primeira, esperar que os provedores, por exemplo de combustible ou material de oficina, lles anticipen o material por adiantado; e, segunda, manter o consumo do centro ao mínimo, reducindo tamén a calidade do ensino.

Dende o STEG denunciámos esta inadmisíbel práctica política que ten como único obxectivo degradar a calidade do ensino público e instamos á Consellería a que habilite as partidas orzamentarias necesarias de inmediato.

Secretariado Nacional do STEG
marzo de 2010